

DEMOSTRATIVOS

1. Subliña as contraccións nas frases seguintes:

- Dentro deste caixón teño os folios e naqueloutro os lapis e os bolígrafos.
- Moito me lembro daqueles rapaces.
- Quería facer esta viaxe, pero imos ter que facer estoutra.
- Non quería falar dese tema, senón daqueloutro.

2. Completa os seguintes enunciados facendo as contraccións pertinentes

- (De+isto) Disto ____ que acabamos de falar, non digas nada.
- (De+aquela)Daquela__ non había os adiantos que temos (en+estes) nestes ____ tempos.
- O policía dixo que non había nada que temer pero, (en+isto) nisto _____, comezaron a soar os disparos.
- (De+esas) Desas cereixas non me gustan, dáme daqueloutras (de+aquelas+outras).
- (En+aquela)Naquela situación non se podía facer nada polo meu amigo; (de+estas) Destas _____ cousas pasan moitas veces.
- Os mellores grupos de rock actuaron este ano no Coliseo da Coruña; (en+esta) nestas ____ ocasión o que nos visita é un (de+eses) deses _____ dos anos oitenta.
- Xesús vive (en+aquela) naquela aldea que percorremos o outro día; eu vivo (en+esta)nesta ____ que ten mellores comunicacións.
- Non dis que o día é moi longo; (de+aquela)daquela ____ traballa, que para iso che pago.
- Só podes falar (de+aquilo) daquilo ____ que sabemos.
- (En+este)Neste ____ momento soa o timbre e saímos ao patio para descansar uns minutos.

3. Fai cinco oracións empregando demostrativos e léxico do parentesco

- **Exemplo: *Este home é o meu marido.***

POSESIVOS

1. Completa as frases seguintes coas formas correspondentes dos posesivos, facendo as modificacións que cumpran.

- Antón e Xosefa son os pais de Pedro e María. Pedro é _____ o seu fillo e María é a súa _____ filla.
- Teño un neno. O seu _____ nome é Manuel.
- Nós marchamos de viaxe, pero nosos/os nosos _____ cans quedan na casa de dos nosos _____ amigos.
- Pedro é traballador, pero o seu _____ amigo Xoán é un lacazán.
- Este é teu _____ libro? Non, é o da miña irmá.
- Pedro ten (en) _____ na súa _____ casa moitos obxectos de valor.
- _____ Os meus amigos e eu imos de viaxe.

2. Substitúe as expresións entre paréntese por unha forma do posesivo.

Ex. Perdeu o seu bolígrafo e agora non ten con que escribir (bolígrafo del)

- Esas son cousas _____ súas _____ (cousas deles).
- Viñeron _____ á súa voda _____ (voda deles).
- A vosa fortuna non chegou a nada (fortuna de vós).
- _____ As súas cereixas _____ son moi boas (cereixas dela).

3. Fai as modificacións que sexan necesarias nestas frases para usar formas de posesivo.

- Desde hai tempo ten coche propio: de seu _____
- Ten coidado; diante de ti hai un neno: _____
- Este rapaz é listo por natureza: Este rapaz é listo de seu. _____
- O piso en que vivo non me pertence: O piso non é de meu _____

4. Modifique as frases de tal xeito que non aparezan as formas do posesivo.

- Antón desde hai un ano non traballa no seu: Antón desde hai un ano está sen traballo _____
- Este rapaz non para de facer das súas: _____ Este rapaz non para de facer trastadas. _____
- Eu creo que este home xa bebeu o seu: Eu creo que este home xa bebeu bastante/abondo. _____

- Gustaríame ir cos meus de vacacións, pero non se pode:

Gustaríame ir con Papá e Mamá de vacacións, pero non se pode.

5. Transforma as frases, de tal forma que utilice o posesivo distributivo.

- Deu a cada rapaz un caramelo: Deu a cada rapaz cadanseu caramelo.
- Eran cegos e cada un levaba un axudante: Eran cegos e cada un levaba cadanseu axudante.
- Un por un foron contando a súa historia: Un por un foron contando cadansúa historia.
- Tódolos concelleiros daban o seu discurso: Todos os concelleiros daban cadanseu discurso
- Vímolos ós dous, cada un cunha moza: Vímolos aos dous, cada un con cadansúa moza.